- 31.- Decreto da Alcaldía da data 28/04/2017, de emenda da deficiencia atopada no orzamento do proxecto.
- 32.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 29/05/2017, polo que se ratifica o Decreto da Alcaldía da data 28/04/2017, de emenda da deficiencia atopada no orzamento do proxecto.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- 33.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/01/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 34.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 22/01/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 35.- Certificado expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/01/2018, de existencia de crédito no orzamento prorrogado con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.50.
- 36.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 37.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 24/01/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 38.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 29/01/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- **Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de "Pavimentación de camiños no Concello de Riveira: camiño dende estrada San Roque-Deán Pequeno e 14 máis, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 218.557,50 euros (orzamento base: 180.626,03 euros; IVE 21%: 37.931,47 euros), e cun prazo de execución de 6 meses.**

SEGUNDO.- **Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de**



adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.50.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DE BEIRRÚAS E PLUVIAIS EN AVENIDA DE FERROL (RIVEIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Renovación de beirrúas e pluviais en Avenida de Ferrol (Riveira)”.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

Constan no expediente os seguintes documentos:

39.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 103.091,46 euros (orzamento base: 85.199,55 euros; IVE 21%: 17.891,91 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

40.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 20/01/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a unha travesía urbana de titularidade pública; que se integran dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado; que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e que se precisa de autorización sectorial por parte do titular da vía (Xunta de Galicia, Axencia de Infraestruturas).

41.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/02/2017, no que manifesta que os terreos onde se localizan as obras están clasificados segundo o PXOM como solo urbano



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

consolidado; e que a estrada é de titularidade autonómica, polo que se precisa autorización sectorial por parte da Xunta de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia, adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.

- 42.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, no que manifestan que os terreos onde se localizan as obras están clasificados segundo o PXOM como solo urbano consolidado; e que a estrada é de titularidade autonómica, polo que se precisa autorización sectorial por parte da Xunta de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- 43.- Informe xustificativo de que o investimento a realizar terá unha vida útil moi superior aos 5 anos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/02/2017.
- 44.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 45.- Informe vinculante favorable para a realización das obras solicitadas, emitido polo xefe do servizo de infraestruturas da Coruña, da Axencia Galega de Infraestruturas, da data 14/08/2017 (que tivo entrada neste Concello na data 23/08/2017, co número 13.783).
- 46.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 20/09/2017, no que manifesta que o proxecto axústase ás condicións establecidas no informe da Axencia Galega de Infraestruturas.
- 47.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/01/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 48.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 22/01/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 49.- Certificado expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/01/2018,





de existencia de crédito no orzamento prorrogado con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.51.

- 50.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 51.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 24/01/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 52.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 29/01/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobado o expediente de contratación para realizar as obras de “Renovación de beirarrúas e pluviais en Avenida de Ferrol (Riveira)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 103.091,46 euros (orzamento base: 85.199,55 euros; IVE 21%: 17.891,91 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

SEGUNDO.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.51.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.



IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Construcciones Cubeliños, S.L.**, de datas 29/07/2016, 18/08/2016, 23/02/2017, 15/06/2017, 21/09/2017, 26/10/2017, 27/10/2017, 21/12/2017 e 23/01/2018 (Rexistros de entrada nº 9.894, 10.583, 2.980, 10.298, 15.117, 17.150, 17.228, 19929 e 982), nos que solicita licenza de obras para construción dun edificio de planta soto, planta baixa, tres plantas altas e baixocuberta, para 8 vivendas en total, en parcela con refª catastral nº 0314522NH0101S0001SX sita na Rúa Xoana Torres s/n, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 26/01/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/01/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **CONSTRUCCIONES CUBELIÑOS S.L.** **LICENZA DE OBRAS (Nº 7/18)** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, TRES PLANTAS ALTAS E BAIXOCUBERTA, PARA 8 VIVENDAS EN TOTAL**, en parcela con refª catastral nº 0314522NH0101S0001SX sita na Rúa Xoana Torres s/n, Riveira, nos termos do Proxecto Básico e de Execución Refundido visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 14 de decembro de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de decembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 19.929), do Anexo Modificado ao Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xaneiro de 2018 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 23 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 982)





redactados polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128), así como do Proxecto de Telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións Sr. Manuel Paradela López con visado colexial de data de 25 de maio de 2017 presentado en escrito rexistrado de entrada na data 21 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 15.117), da Copia da escritura de constitución de obra nova (edificio colindante) e constitución de servidume (entrada á planta soto polo edificio anexo), redactada polo notario Sr. Gonzalo Freire Barral, de data de 9 de outubro de 2012 e co número de protocolo 912, presentado en escrito rexistrado de entrada na data 27 de outubro de 2017, (Rexistro de entrada nº 17.228) así como do Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 31 de agosto de 2017:

- *Durante a execución das obras de edificación deberase de complementar a urbanización do fronte de parcela; regularizando o pavimento (pavimento asfáltico e baldosa en beirarrúa existente), así como garantir a conexión cos servizos urbanos existentes na fronte da parcela. Aos efectos de garantir esta obriga, deberá de imporse un **AVAL bancario polo importe de 2.400 €.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.***

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbiles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A



contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Judit Ordóñez López, e Unai González Suárez**, de datas 26/12/2017 e 16/01/2018 (Rexistros de entrada nº 20.119 e 608), nos que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 20 de decembro de 2017, Oficio de Dirección de Obra así como Oficio de



Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 15 de xaneiro de 2017, Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 28 de decembro de 2017 redactado pola Sra. Carmen M^a Pérez Pérez, (arquitecta Col. nº 3.803), para engadir a expediente de licenza de obras nº 61/17.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 17/01/2018, no informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 23/10/2017e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/01/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da **LICENZA DE OBRA Nº 61/17** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de novembro de 2017 á Sra. Judit Ordóñez López, e o Sr.Unai González Suárez, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 20 de decembro de 2017 redactado pola Sra. Carmen M^a Pérez Pérez, (arquitecta Col. nº 3.803), Oficio de Dirección de Obra así como Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid de fecha 15 de xaneiro de 2017, Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 28 de decembro de 2017.

3.- Visto o escrito presentado por Luis Felipe Polo Molina actuando en nome e representación de **M^a Dolores Setién Gómez Francisco Javier Antas Pérez**, de data 09/01/2018 (Rexistro de entrada nº 284), no que achega Proxecto de Demolición e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de xaneiro de 2018 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), Oficio de Dirección de Obra, de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 9 de xaneiro de 2018, para engadir a expediente de licenza de obras nº 64/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 12/01/2018, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 23/01/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da **LICENZA DE OBRA Nº 64/17** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de novembro de 2017 á Sra. M^a Dolores Setién Gómez, e ao Sr. Francisco Javier Antas Pérez, consistente en Proxecto de Demolición e de Execución visado





polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 9 de xaneiro de 2018 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez, (arquitecto Col. Nº 4.169), Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 9 de xaneiro de 2018.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación de **Asesoría Beny García, S.L.** (Administradora da Cdad. Prop. Edf. **Listres de Abaixo, 26**), de data 17/01/2018 (Rexistro de entrada nº 720), no que solicita certificación urbanística de parcela sita en Rúa Listres de Abaixo, 26, Aguiño.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 18/01/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAL Nº: 9190402MH9099S

A parcela con referencia catastral 9190402MH9099S ten a situación de solo urbanizado e conta cos servizos e dotacións requiridos pola lexislación urbanística no artigo 12.3.b do Texto Refundido da Ley do Solo estatal.

2.- Visto o escrito presentado por Manuel Santiago Bermúdez en representación de **Petroprix Energía, S.L.**, de data 23/01/2018 (Rexistro de entrada nº 970), no que solicita información urbanística de parcela sita no Polígono Industrial de Xarás (Polígono 938, parcela 1153) por compatibilidade da implantación de futira gasoleira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 26/01/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAL Nº: 15074A0938011530000UR

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpreme informar o seguinte:

- 1) A finca nº 1153 do polígono 938 de urbana de Riveira atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a)



desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

- 2) A presente parcela atópase dentro do sector de solo urbanizable desenvolvido no seu día polo Plan Parcial do Xarás, e a día de hoxe incorporado ao tecido de solo urbano, e contando cos infraestruturas urbanas esixibles para esta clase de solo.
- 3) A ordenanza de aplicación establece os seguintes parámetros de intensidade de uso e edificación, a saber:
 - .- Uso comercial e industrial.
 - .- Parcela mínima: 500 m².
 - .- Fronte mínima. 14 metros.
 - .- Altura edificación: 9 metros.
 - .- Edificabilidade: 5,5 m³/m².
 - .- Ocupación máxima: 75%.
 - .- Aliñamento e retranqueos: a vías mínimo de 5 metros ao eixo, e a lindes 3 metros, mínimo. Permítese adose lateral, mediante acordó entre as partes.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Teresa Oliveira Sampedro** (Rexistro de entrada P.L. nº 180/18), no que solicita unha zona reservada para estacionamento de vehículos de persoas con mobilidade reducida sito na Rúa Eduardo Pondal, á altura do nº 16 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 30/01/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar o pintado dunha zona reservada para estacionamento de vehículos de persoas con mobilidade reducida sito na Rúa Eduardo Pondal, á altura do nº 16 (Riveira)

2.- Visto o escrito remitido pola **Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, de data 24/01/2018 (Rexistro de saída nº 621/RX98546 e Refª: S. Admin. Local Int. Co - A12X00894 – Nº expte.: C-AU-9/2018) e rexistrado de entrada en data 30/01/2018 co nº 1.275, no que solicita informe deste concello sobre a procedencia da concesión de ampliación nunha hora do horario de peche dos locais hostaleiros do Concello de Riveira, para os días 10, 11, 12 e 13 de febreiro (Entroido), e do 29 de marzo ao 1 de abril de 2018 (Semana Santa).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Informar que non se encontra inconveniente en que se autorice a ampliación nunha hora do horario de peche dos locais hostaleiros do Concello de Riveira, para os días 10, 11, 12 e 13 de febreiro (Entroido), e do 29 de marzo ao 1 de abril de 2018 (Semana Santa).

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos efectos oportunos á Asociación de Empresarios de Riveira e á Xefatura Territorial da Coruña de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

ACORDO RELATIVO Á REALIZACIÓN DA CAMPAÑA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL "O QUE SE ENCHUFA, RECÍCLASE"

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Medio Ambiente, Elvira Pereira Ageitos, de data 30/01/2018, na que sinala:

"Na data do 19 de xaneiro de 2018 recíbese no Servizo de Medio Ambiente deste Concello unha comunicación en relación coa presentación da campaña de educación ambiental denominada "O QUE SE ENCHUFA, RECÍCLASE", promovida pola Xunta de Galicia, que se pretende levar por toda a comunidade autónoma.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Trátase dunha campaña de información e sensibilización sobre a importancia de reciclar os residuos de aparellos eléctricos e electrodomésticos.

A empresa Medeland será a encargada de levar a cabo o proxecto, que consiste en situar un punto de información con asesores na vía pública.

Para Riveira o calendario establece o período comprendido entre o **10 e o 21 de febreiro de 2018**.

O posto de información necesitará un punto de corrente. Constará de dúas traseiras de 3 metros, total 6 m., un pequeno mostrador, unha ruleta e pantalla de plasma. Montarase e desmontarase todos os días ao finalizar o servizo. O horario previsto será de 11 a 14 e de 16 a 19 horas, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan ou, se é posible, nun lugar resgardado.

En canto á localización do punto de información conveuse que podería ser na rúa de Galicia, concretamente á altura do número 40, coa protección do saínte dunha edificación existente, se ben podería propoñerse outra localización.

A campaña difúndese en redes sociais, se buscamos RAEE GALICIA en google aparecerán os enlaces de facebook, twitter e instagram. Tamén se dispón de páxina web: OQUESEENCHUFARECICLASE.GAL e gabinete de comunicación á nosa disposición.

Atendendo ao exposto, PROPOÑO:

Que por parte da Xunta de Goberno Local deste Concello, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía de data 1 de xullo de 2015 (ditado ao abeiro do artigo 21.3 da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, de acordo co artigo 14.1 da *Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), se adopte o seguinte acordo ao respecto:

Único.- Autorizar o desenvolvemento da campaña nas datas sinaladas, do 10 ao 21 de febreiro de 2018, no lugar proposto ou no que estime conveniente a Xunta de Goberno Local, en vía pública ou en edificios de titularidade municipal."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Autorizar o desenvolvemento da campaña de educación ambiental denominada "O QUE SE ENCHUFA, RECÍCLASE", do 10 ao 21 de febreiro de 2018, na Rúa de Galicia, á altura do número 40.

SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS.

1.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 30/01/2018, en relación á ORDE do 4 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados aos concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida. (DOG do 08/01/2018, núm. 5)





Visto o proxecto "Obras de acondicionamento do espazo debaixo da bancada do campo de fútbol de "A Fieiteira" (Riveira)", redactado polo arquitecto municipal, de data xaneiro 2018.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para o proxecto "Obras de acondicionamento do espazo debaixo da bancada do campo de fútbol de "A Fieiteira" (Riveira)", sendo o orzamento total do proxecto de 33.637,13€ (IVE engadido).

Segundo: aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, un de febreiro de 2018

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle